



## Concello de Outeiro de Rei

---

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE RECOLLIDA E COIDADADO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE**

#### **Artigo primeiro.- Imposición e Ordenación:**

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e coidado de animais domésticos e salvaxes en catividade.

#### **Artigo Segundo.- Feito Impoñible:**

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recollida de animais domésticos e salvaxes en catividade, así coma o seu coidado ata que sexan recollidos, reclamados ou sacrificados.

#### **Artigo terceiro.- Suxeitos pasivos:**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que posuidores do animal o quen o viñera sendo ata o momento do seu abandono ou extravío.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuínte o propietario do animal, cando este non fora o posuidor.

#### **Artigo cuarto.- Cuota tributaria.**

As cuotas tributarias serán as seguintes:

- Pola prestación do servizo a solicitude do propietario ou posuidor previa entrega do animal ao xestor municipal ou no caso de extravío debidamente acreditado: 75 euros.

- Pola prestación do servizo de oficio, ben como consecuencia da incautación do animal, ben coma consecuencia do seu abandono: 150 euros.

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Prezos ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.



## **Concello de Outeiro de Rei**

---

### **Artigo quinto.- Devengo.**

A taxa devéngase e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada coa recollida do animal doméstico ou salvaxe en cativeiro.

### **Artigo sexto.- Declaración e ingreso.**

No suposto de prestación do servizo a instancias do beneficiario, a taxa xestionarase en réxime de autoliquidación. No suposto de que a prestación do servizo se realice de oficio polo concello a xestión se realizará mediante liquidación tributaria.

### **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou derogación expresamente.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 01/03/2013. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 94 de 24/04/2013].